

Opinión da Federación de APAS de centros públicos da Coruña sobre as “bases para a elaboración do decreto do galego”

“..A lingua nunca ha de ser un arma política. O coñecemento das linguas e moito máis cando se trata da propia, non discrimina a quen a utiliza, senón que lle enriquece.

Todos os cidadáns teñen o dereito de coñecer a súa lingua, todas as linguas, e o dereito a usalas. Para que isto sexa posible debe establecerse unha lexislación xusta, equitativa e con criterios igualitarios que partan dos estamentos lexislativos.

Non pode recaer sobre as familias a decisión en materia lingüística, nin pode deixarse ao criterio do alumno a lingua de preferencia á hora de manifestarse nas probas orais e escritas.

Tampouco debe ser competencia de cada Consello Escolar a decisión de que materia se impartirá e en que idioma xa que, por unha banda, as familias están en minoría respecto dos diferentes sectores representados e a elección de cada centro non garantiría unha educación sen desigualdade social entre linguas.

As familias só son unha pequena parte da sociedade e non lles corresponde decidir sobre o futuro da ordenanza educativa. Son os cidadáns quen elixen aos seus gobernantes e é a estes a quen lles corresponde legislar.

A normativa ha de establecela as autoridades educativas coa participación de profesionais, a consulta ao Consello Escolar de Galicia (como órgano de representación de toda a comunidade educativa) e o consenso do Parlamento Galego.

O ensino trilingüe debe empezar en educación infantil, xa que é a idade na que máis facilidade teñen os alumnos para aprender idiomas e debe reforzarse ao longo de todo o ensino obrigatorio, acompañado de dotacións económicas suficientes para o seu total desenvolvemento..”

artigo publicado o 19 de xaneiro 2010 e dispoñible na web da Federación de APAS de colexios públicos de A Coruña



O ANPA diríxese ao Valedor do Pobo pola falta de profesorado de apoio

O pasado 23 de marzo o ANPA Brigantium presentou unha queixa formal diante do Valedor do Pobo.

A queixa vai dirixida contra a Administración de Educación, concretamente, contra o “Servizo Territorial de Inspección Educativa da Xunta de Galicia” pola falta de profesorado de apoio no “CEIP Fco. Vales Villamarín” de Betanzos, así como ante a falta de resposta formal á reclamación presentada pola ANPA ante dita inspección e pola tamén falta de resposta ás reclamacións presentadas polas nais/pais a nivel individual.

Outras novas relacionadas coa falta de mestres de apoio:



Diario de Ferrol

Ferrol Vernes 27 de Novembro de 2009

O Valedor do Pobo admite a queixa da ANPA do Masdías pola falta de profesorado

Críticas á decisión da xunta directiva do ANPA de adherirse á Plataforma cidadá Queremos Galego

A xunta directiva do ANPA recibiu varias queixas de pais en relación ao artigo do boletín do mes de marzo, titulado “Apoios a favor do galego” onde esta xunta directiva comunicaba a decisión de adherirse á “Plataforma cidadá Queremos Galego” como medida de presión, en contra das bases do decreto que regulará o uso do galego no ensino, proposto pola Xunta de Galicia.

Estas foron as preguntas recibidas:

“..¿Tiene potestad la junta directiva del ANPA para adherirse, formalmente, a una plataforma sin consultarlo a la asamblea?, ¿No se había acordado no pronunciarse como ANPA sobre el manifiesto en apoyo al gallego?, ¿No es esto algo parecido?, ¿En qué DOG está publicado el "Decreto" del que se habla en el boletín?, ¿Es esta ANPA imparcial?, ¿Habrà algún comentario en el boletín sobre los posibles beneficios o perjuicios que puede tener que nuestros hijos también sepan inglés?, ¿cuántos padres saldrían de la asociación si no estuviesen obligados a estarlo para tener derecho al comedor?..”

A contestación a todas estas preguntas podedes encontralas no blog da ANPA, dado que por un motivo de espazo non se poden incluír neste formato de boletín.

Na próxima asemblea ordinaria, a celebrar probablemente no mes de Maio, a xunta directiva incorporará, explicitamente, na orde do día a nova situación do galego na escola e a aprobación, ou non, por parte da asemblea das medidas levadas a cabo por esta xunta directiva (isto inclúe a adhesión á plataforma cidadá Queremos Galego)

Colexio de Infantil (3-6 anos) “A historia dunha falta de compromiso”

Febreiro 2007

Acórdase, en pleno municipal, expropiar os terreos e declaralos de utilidade pública. Sae publicado no BOP o acordo de expropiación.

Ano 2008

Pérdese todo o ano entre novos acordos de permutas e reiniciar os trámites de expropiación (ver desglose de todo o ano no boletín de febreiro de 2009 publicado no blog)

Decembro 2008. O ANPA comeza unha campaña de presión para provocar a cesión dos terreos á Xunta de Galicia.

Abril 2009 A alcaldesa informa dos acordos adoptados a finais de marzo, que permitirán continuar co expediente de cesión dos terreos. Este é o calendario previsto:

- **Setembro 2009.** Data estimada para a cesión dos terreos á Xunta de Galicia.
- **Xuño 2010.** Fin da redacción do proxecto e licitación da obra.
- **Setembro 2011.** Inauguración do colexio.

Novembro 2009: A alcaldesa informa que os terreos están no Tribunal de Xustiprezo e que espera unha resolución viable para o Concello, pero advirte que non pagará calquera prezo.

Febreiro 2010. A xunta de goberno do Concello, aproba por unanimidade, iniciar os trámites para decretar a urxente ocupación dos terreos.

Abril 2010. 3 anos e 2 meses despois, os terreos seguen sen estar en poder da Xunta de Galicia.

Dende a ANPA, non somos capaces de entender os motivos que retrasan unha e outra vez a cesión dos terreos. Cada día que se retrasa a posta en funcionamento do novo colexio, significa que os nosos nenos/as estarán un día máis nun colexio masificado, cunhas infraestruturas obsoletas e incluso perigosas, no caso de que os nosos fillos/as teñan que ser evacuados, ante calquera emerxencia.


**Despois de 3 anos e 2 meses, non hai excusas.
Queremos o colexio XA !!**

O Concello suspende en limpeza

A ADC Vales Villamarín, ven de realizar unha enquisa entre os seus socios (76 participantes) para coñecer a súa opinión, acerca do desenvolvemento das actividades extraescolares.

Os resultados desta enquisa servirán de base, á directiva da ADC, para mellorar a calidade das actividades cara ao ano que ven.

Caben destacar, como dato máis positivo, a percepción que teñen os propios nenos/as da súa actividade e, como dato máis negativo, a percepción que teñen os seus pais sobre o grado de limpeza das instalacións deportivas, cuxa responsabilidade recae no Concello de Betanzos.



A directiva de ADC, quere dar as grazas a todos os participantes e aproveitar a ocasión para dar a coñecer o novo correo electrónico da ADC, que esperamos sexa un paso adiante na mellora da comunicación entre a directiva e os seus asociados:

adcvalessvillamarin@gmail.com



ANPA Brigantium

Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN